

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE BERGONDO**

*ANUNCIO de aprobación da actualización de propietarios afectados polo Plan especial de infraestruturas e dotacións da senda fluvial do río Maior.*

Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 13 de xaneiro de 2022, aprobouse a actualización da relación de propietarios afectados polo Plan especial de infraestruturas e dotacións da senda fluvial do río Maior, promovido polo Concello de Bergondo, mantendo as actuacións practicadas, sen que supoña modificación do proxecto xa aprobado.

O instrumento de planeamento e o expediente sométense a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia* en nun dos xornais de maior difusión da provincia, de conformidade co previsto no artigo 75.1.a) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Durante o citado prazo, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, poderanse formular as alegacións que se consideren pertinentes.

Así mesmo, o expediente poderá ser consultado, mediante ligazón na sede electrónica do Concello: [https://sede.bergondo.gal/opencms/es/informacion/tablon/2022/ANUNCIO\\_PROG\\_20220218110000116.html](https://sede.bergondo.gal/opencms/es/informacion/tablon/2022/ANUNCIO_PROG_20220218110000116.html)

Bergondo, 4 de marzo de 2022

Patricia María Vázquez Figueroa  
Alcaldesa en funcións

